



XORNADAS DE POSTA EN VALOR DO EIXO 4 DO FEP VIVIR DO MAR-TECER O FUTURO

MÁIS DE 200 IDEAS, DESEXOS E PROXECTOS RECOLLIDOS ENTRE OS PARTICIPANTES NAS XORNADAS ABERTAS

TODAS ESTAS IDEAS E DESEXOS PODEN RELACIONARSE CON:

1. POTENCIAR O TURISMO
2. CONSERVAR E PROMOVER O PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL
3. PROMOVER O BENESTAR SOCIAL
4. MELLORAR A COMPETIVIDADE, A FORMACIÓN, A CREACIÓN DE EMPREGO E A DIVERSIFICACIÓN
5. ENGADIR VALOR AOS PRODUTOS PESQUEIROS
6. INNOVAR A ESCALA LOCAL

GAC 1 A MARIÑA ORTEGAL (07.07.2015)

1. Accións formativas para traballadores do sector turístico deportivo: titulacións náutico-profesionais, titulacións náutico-deportivas, titulacións socorrismo.
2. Menos trámites burocráticos.
3. Eu quero que no futuro o mar sexa un lugar para vivir.
4. Potenciar as sinerxias entre os diferentes proxectos.
5. Centro de investigación.
6. Escola náutico pesqueira en Burela
7. Rutas xeolóxicas.
8. Poder desenvolver proxectos estratéxicos que vinculen a varios GAC.
9. Promoción do Barco Museo de Burela.
10. Proxectos medioambientais.
11. Potenciar o noso patrimonio subacuático. Temos moitos pecios espallados na nosa costa.
12. Plataforma web servicios costeiros con reserva online.
13. Ensinar aos xoves a cultura mariñeira e formación para as novas xeracións.
14. Potenciación dos portos pesqueiros con actividades que fomenten su interese turístico.
15. Recuperación do patrimonio cultural dos barrios de mariñeiros-pescadores.
16. Proxecto conxunto coa confraría de Foz para dragado e inst. portuarias en Foz.
17. Ensinar a persoas xoves a recoller perecebe.
18. Depuradora comarcal para a depuración de marisco.
19. Realizar xornadas gastronómicas, ensinando dende como se captura a como cocina-los. Exaltar o noso produto.
20. A escola do mar.
21. Ampliación de las zonas terrestres protexidas.



22. Introducción de áreas mariñas protexidas.
23. Fabricación de palets con materiais reciclados e que sexan plegables para facilitar o retorno á orixe.
24. Publicitar o noso pescado coas súas vitaminas.
25. Mellora e conservación da nosa riqueza, natural e marítima.
26. Escola náutico-pesquera en Burela.
27. Recuperación das rías para o aproveitamento do marisqueo e a pesca.
28. Intentar promover a relación co mar con accións lúdicas e culturais (cine, teatro, música, etc).
29. Conservación e recuperación do patrimonio marítimo.
30. Conservar antigas embarcacións.
31. Construír un barco (goleta) tradicional cos carpinteiros de ribeira.
32. Non contaminar.
33. Enfocar o porto de burela cara o turismo e a gastronomía.
34. Promover en Burela empresas tipo Maresma (Foz).
35. Proxecto de fabricación de embarcacións de aluminio, en colaboración con Alcoa.
36. Recollida de algas e envasado coa idea de facer cosméticos, receitas de cociña, etc ... zona acantilados de Loiba e Ortigueira.
37. Dentro da futura formación náutica imprescindible a colaboración empresarial das prácticas obrigatorias. Si a Admón. e armadores non se poñen de acordo, xamais poderán facer as prácticas e xurdir novos titulados. Subvencionar apoiar incluso economicamente as practicas.



GAC 2 GOLFO ARTABRO (11.08.2015)

1. Parar a contaminación para poder vivir o mar e do mar.
2. Eu quero que o mar teña cangrexos.
3. Quero que a xente pesque no mar.
4. Quero que o mar estea limpo.
5. Eu quero que o mar sexa produtivo.
6. Que teñamos o noso mar limpo, sen plásticos e residuos e poder disfrutar de “EL”.
7. Eu quero que haxa mariscos.
8. Vivir do mar.
9. Recuperación da Ría do Pedrido.
10. Eu quero que o mar estea limpo e que haxa moitos peixes.
11. Unha ría limpa e mellor para todos.
12. Que o turismo de costa aprenda a ser respectuoso co mar e o entorno. Turismo sostible.
13. Augas non contaminadas no municipio de Bergondo.
14. Eu quero un mar sen contaminación e que conserve a súa riqueza.
15. Eu quero que o mar teña peixes.
16. Eu quero que o mar dea postos de traballo, para que así descenda o furtivismo.
17. Ría saneada.
18. Rexeneración da ría.
19. Desexo que non exista contaminación, e que se recuperen as rías e o mar.
20. Quero que se recupere la ría de Betanzos.
- 21.



GAC 3 COSTA DA MORTE (14.07.2015)

1. Posta en marcha de programas que poñan máis en valor produtos locais “cociña ou dieta atlántica”.
2. Incluír todas as artesanías sexan ou non mariñeiras.
3. Tope de 300.000€.
4. Potenciar o camiño dos faros.
5. Rutas guiadas cos percebeiros e logo degustación de produtos do mar.
6. Levar os nosos produtos ao interior para darse a coñecer en foodtracks.
7. Ruta ornitolóxica, con sinais guiadas, pola zona do Malecón de Ponteceso, enclavado en pleno xuncal e paralelo ao discorrer do estuario do Río Anllóns.
8. Diseñar rutas turísticas aproveitando o patrimonio cultural e paisaxístico de costa e do interior.
9. Apoiar proxectos singulares como Faro Vilán que representa a Costa da Morte.
10. Potenciar actividades náuticas e deportivas no estuario do río Anllóns.
11. Apoio a emprendedores.
12. Aproveitar as redes de turismo e mar creadas no GAC e potenciar proxectos conxuntos.
13. Sinalizar praia dos cristais.
14. Que non pare de medrar e que faga medrar a toda a xente creativa teña ideas, coñecementos e viva o mar de maneira intensa querendo compartilo.
15. Convocatoria aberta e continua.
16. Pola pesca, polo surf, polos sabores, polas redeiras, polos naufraxios que contan historias, polo mencer, polos faros, pola sardiña, o percebe e o berberecho, pola Virxe da Barca, pola espuma do mar Experiencia de vida !!. Facer un produto unificado do turismo.
17. Impulsar o turismo de natureza.
18. Formar a nosa xuventude para buscar nichos de traballo no mar.
19. Pensar na xente con problemas físicos ou psíquicos para vivan do mar.
20. Potenciar a transformación dos produtos do mar.
21. Xuntar o mundo do sector terciario para traballar xuntos.



GAC 4 SEO DE CORCUBIÓN E RÍA DE MUROS NOIA (22.07.2015)

1. Respetar o medio.
2. Continuidade no apoio a proxectos de vital importancia para o desenvolvemento do territorio.
3. Desexamos que presenten proxectos novos que impulsen actividades na nosa costa.
4. Asesoramento e axudas a emprendedores. Emprego para todos.
5. Recuperar as construcións e polas en valor.
6. Que poidamos vivir e desfrutar sempre deste mar.
7. Que estea limpo.
8. Que teña moitos animais mariños.
9. Que haxa moitos peixes.
10. Máis participación e mellor comunicación.
11. Valoración de produtos e diversificación.
12. Que siga sendo un motor económico e de xeración de emprego sostible.
13. Longa vida ao GAC 4.
14. Que non fagan edificios feos.
15. Que se creen mais postos de traballo nos nosos pobos.
16. Igualdade.
17. Maior implicación no social e medioambiental.
18. Desexo que a xente poda vivir aquí, sen ter que emigrar, con dignidade.
19. Que no mar haxa moitos peixes, mariscos, berberechos, ...
20. "O Camiño do Mar". Apoio ao Camiño de Santiago-Ría de Muros/Noia.
21. Mellorar todo o posible calquera vila mariñeira.
22. Protección a la terceira idade dos homes dol mar.
23. Que as actividades e proxectos sexan respetuosos coa nosa ría e mar.
24. Desexo moito traballo para todos.
25. Máis marxe de actuación. As veces publícanse tarde as concesións, pero non se varían os prezos de execución.
26. Maior eficacia, menor burocracia.
27. Axudar a que a xuventude obteña unha visión renovada do mar, é dicir, que o vexan como algo máis que unha fonte de diversión, deixando a un lado os prexuízos que se dan sobre os traballos no mar. En definitiva, que vexan o mar como fonte de vida.
28. O territorio necesita o GAC 4: os emprendedores, a administración, as confrarías, ... o Mar.
29. Que o noso traballo adquira máis valor.
30. Máis información aos cidadáns
31. Máis proxectos en relación cos oficios mariñeiros.
32. Coidar o que temos.
33. Conseguir a xestión do novo programa para poder seguir axudando ao desenvolvemento local pesqueiro.



GAC 5 RIA DE AROUSA (21.07.2015)

1. A hora dos trámites sexa máis cómodo. Que se fagan máis proxectos de comercialización dos nosos produtos.
2. Que o mar siga formando parte da miña vida.
3. Desexo que se respeten las vedas.
4. Non a contaminación na Ría de Arousa e o saneamento desta.
5. Que se evite ensuciar el mar.
6. Eu quero que o mar do futuro sexa limpo.
7. Unha boa rexeneración da ría.
8. Gustaríame unha senda natural entre os concellos para pasear e ir en bici.
9. Bótase de menos algunha acción orientada a recuperar e difundir o patrimonio inmaterial (cantigas, tradicións, xogos, etc) relacionado co mundo do mar e a actividade mariñeira. Tamén sería interesante mostrar como fomos mellorando ou estragando zonas costeiras coa especulación ou a mala práctica empresarial co fin de protexer e corrixir a costa e a riqueza das rías.
10. Eu desexo seguir vivindo do mar.
11. Que non tiren lixo.
12. Quero que haxa máis cabaliños de mar. Gustame bucear.
13. Máis campamentos mariños.
14. Máis información sobre como cociñar os nosos produtos do mar.
15. Desexo seguir disfrutando do mar.
16. Gustaríame máis accións conxuntas entre todos as xentes que viven do mar.
17. Poñer en valor el papel de los traballadores do mar.
18. Que no se engane á xente coa orixen dos produtos.
19. Vivir del mar y de la mano del turismo.
20. Soñar e crecer que ¡podemos! cambiar.
21. Quero que o mar estea LIMPO. Quero que o mar nunca se contamine. Gústame bucear.
22. Eu desexo que o mar sega tecendo o futuro de Galicia.
23. Que a xente que vai traballar o mar saiba que vai voltar ledos todos os días, sinal de que o seu traballo valeu a pena.
24. ¡ Canto temos que aprender do mar!.
25. Desexo máis vixilancia ao furtivos.
26. Que o mar estivera máis limpo e que non houbera furtivos.
27. Eu quero un mar sen contaminación.
28. Eu quero que sega habendo nécoras.
29. Os meus desexos son que os profesionais do mar poidamos seguir vivindo del.
30. Mellor comercialización.
31. Respetarmos máis o entorno.
32. Que os fondos europeos se empreguen con maior efectividade cara o sector, e que non nos afoguen con cupos e cuotas discriminatorias.
33. Quero que esté cheo de peixes.
34. Futuro para a pesca artesanal.
35. Que se evite ensuciar el mar.
36. Quero que el mar sea limpo, tamén que no morran os peixes.



GAC 6 RÍA DE PONTEVEDRA (23.07.2015)

- 1 Que haxa polbos, nécoras e calamares.
- 2 Vida feliz.
- 3 Máis limpo.
- 4 O mar é un tesouro e temos que coidalo.
- 5 Fomento de actividades turísticas e de participación activa da mocidade.
- 6 Elaboración de produtos do mar.
- 7 Que a administración siga colaborando activamente cos cidadáns.
- 8 Promoción da interacción actividade pesqueira-marisqueira-productiva do mar coas comunidades escolares.
- 9 Procurar instalacións para as persoas maiores.
- 10 Máis tecnoloxía: www.xeopesca.com e www.xeopesca.gal.
- 11 Fomento del turismo náutico y voluntariado medioambiental, emprendemento xuvenil.
- 12 Máis control de limpeza do mar e máis control dos vertidos.
- 13 Protección contra a urbanización da franxa litoral.
- 14 Aumentar o consumo de produtos da pesca local e do marisqueo.
- 15 Máis coñecemento dos produtos do mar do colectivo da hostalería.
- 16 Máis limpeza das praias.
- 17 Facilitar o acceso de pequenas entidades locais aos fondos a través da flexibilización dos requisitos, especificamente, a supresión da necesidade da declaración de utilidade pública.
- 18 Avance tecnolóxico en maquinaria para marisqueo a pé.
- 19 Que o mar viva que se viva do mar.
- 20 O mar un lugar especial como casa.
- 21 Saneamento da ría de Pontevedra.
- 22 Poñer en valor o traballo do sector pesqueiro. Mellorar a calidade das ugas.
- 23 Que se coñeza mellor o potencial dos nosos produtos.
- 24 Que a xente nova empece a respectar o mar. O mar é vida, a nosa vida.
- 25 Que manteñan a ría limpa.
- 26 Protexer a cultura marítima e fluvial.
- 27 Que se continúe apoiando as nosas iniciativas.
- 28 Saneamento integral das rías, auga limpa, marisco san.
- 29 Diversificar o noso traballo con turismo mariñeiro.
- 30 Tecnoloxía para a sostibilidade do medio e a súa conservación, por exemplo, www.xeopesca.gal
- 31 Non esquecer que o mar e o noso futuro e que o coidemos sempre.
- 32 Mellorar os traballos do mar.
- 33 Son directivo de Tenlos e as ideas que propuxo o Ateneo de Marín sobre os rapaces son ideas de Tenlo Marín. Gracias por deixarme expresar.
- 34 Fomento do turismo deportivo náutico.
- 35 Mellorar conexión marítima de los concellos de la Ría de Pontevedra.
- 36 Hotel con encanto de habitacións compartido e para turismo xoven.
- 37 Que o mar esté limpo.
- 38 Necesidade que os rapaces coñezan a ría e a súa riqueza. Futuro para mellora do medioambiente.



GAC 7 RIA DE VIGO-A GUARDA (28.07.2015)

1. Facilitar o desenvolvemento de actividades náuticas. A pesar de la climatoloxía adversa que desanima a potenciais emprendedores.
2. Que se respecte sempre.
3. Converter a costa galega en polo de turismo mariñeiro.
4. Sorte para os mariñeiros e que o GAC funcione par buscar novos recursos para defenderse economicamente e estar ocupados os galegos.
5. Mellorar a difusión das actividades e incrementar a participación.
6. Importante o recambio xeracional para traballar o mar.
7. Tal como e como se encadeou a xornada. VIVIR DO MAR.
8. Investigación sobre os recursos e limpeza de fondos mariños.
9. Moita ilusión e sorte para continuar cos vosos proxectos.
10. Mais coñecementos do mar nas escolas, que o mar chegue á terra e entre nos colexios.
11. Posta en valor da cultura e patrimonio marítimo. Transmisión ás novas xeracións. Poder vivir do mar.
12. Recoller os saberes da xente do mar.
13. Que o mar estea limpo. Respecto ao medio mariño e terrestre.
14. Que o mar estea limpo, para así poder ter máis coñecemento e máis investigación e que de verdade se reproduzan as especies que existen.
15. Que se evite a contaminación sobre todo nas rías.
16. Desexo un mar que volte a ser como cando era neno cheo de vida....
17. Un mar limpo e saudable que poida ofertar unha morea de oportunidades aos valentes.
18. Empregabilidade. Calidade de vida, conservar as raíces. Coidar o mar-relacións sustentables.
19. Que a historia do mar non pase a ser historia.
20. Que os proxectos sexan produtivos e saian todos para adiante.
21. Investigación e novos produtos coas nosas cousas que son tan produtivas.
22. Investigación e tecnoloxía para mellorar a súa conservación e aproveitamento.
23. Eu quero que estea limpo.
24. Cabalo de mar, peixes, tiburóns, estrelas, polbos, baleas, centolas, fanecas, berberechos,
.....